



## Acta de reunión

Órgano convocado	XEFATURA DE DEPARTAMENTO						
Lugar de reunión	LABORATORIO DO DEPARTAMENTO DE MADEIRA			Ordinaria	Extraordinaria	Urxente	X
Nº de reunión	11	Data	25/03/2019	Hora inicio	11:30	Hora remate	12:00
Moderador/a	VICTORIANO TOMÉ CASTRO						
Secretario/a							
Propósito	Xuntanza de departamento						
Asistentes	<ul style="list-style-type: none"> <li>Victoriano Tomé Castro, Isidoro Dios Rodiño, José Manuel Míguez Santos, María Luz Lorenzo Crespo, José Manuel del Valle Couto, Gumersindo Couso Boulosa, José Jorge Alvariñas Villaverde, Vicente Cortizo Blanco, María Jesús Brañas Porto, Juan Carlos Garrido Álvarez, Javier Tomé Castro, Juan Luís López Dasilva</li> </ul>						

## Temas tratados

### 1. Reclamación cualificación.

O obxectivo desta xuntanza e realizar un informe valorando a reclamación do alumno Pedro Lobato Castaño (data 22 de marzo de 2019) sobre a cualificación final do módulo *Planificación da instalación* do CM de Instalación e Amoblamento.

Analizada a reclamación o departamento se pronuncia por unanimidade desestimando a reclamación e ratificando a nota obtida.

Ás 12:00 horas remata a reunión e levántase sesión.

## Acordos

- Entregar a resolución do departamento a dirección do CIFP A Xunqueira.

## Anexos

- Anexo\_01\_Informe\_reclamación\_do\_departamento*

Visto e prace moderador

Victoriano Tomé Castro





## Acta de reunión

Órgano convocado	XEFATURA DE DEPARTAMENTO						
Lugar de reunión	LABORATORIO DO DEPARTAMENTO DE MADEIRA			Ordinaria	X	Extraordinaria	Urxente
Nº de reunión	12	Data	27/03/2019	Hora inicio	17:00	Hora remate	18:00
Moderador/a	VICTORIANO TOMÉ CASTRO						
Secretario/a							
Propósito	Xuntanza de departamento						
Asistentes	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Victoriano Tomé Castro</li> <li>▪ Isidoro Dios Rodiño</li> <li>▪ José Manuel Míguez Santos</li> <li>▪ María Luz Lorenzo Crespo</li> <li>▪ José Manuel del Valle Couto</li> <li>▪ Gumersindo Couso Boulosa</li> <li>▪ José Jorge Alvariñas Villaverde</li> <li>▪ Vicente Cortizo Blanco</li> <li>▪ María Jesús Brañas Porto</li> <li>▪ Juan Carlos Garrido Álvarez</li> <li>▪ Javier Tomé Castro</li> <li>▪ Juan Luís López Dasilva</li> </ul>						

### Temas tratados

#### 1. Lectura e aprobación, se procede, das acta da sesións anteriores.

Enviouse por correo electrónico o borrador da acta número 10, apróbase por unanimidade.

#### 2. Seguimento das programacións.

Pregúntase os profesores se están cumprindo a programación segundo o programado. Todos os profesores contestan afirmativamente.

#### 3. Informe do xefe de departamento.

O Xefe de departamento transmite información relativa a diferentes aspectos:

##### Instalacións, equipos e ferramenta.

Comprouse unha impresora A3 para o departamento, tal como se acordou na última reunión.

A impresora da oficina do taller agora está no laboratorio e a impresora nova do laboratorio está na oficina do taller.

**Compras.** Compráronse 4 metros cúbicos de madeira de piñeiro do país.





**Promoción oferta educativa.** O departamento recibiu a visita de diferentes grupos de estudantes, se lle amosaron as instalacións e se lles informou dos diferentes ciclos que se poden cursar. Os centros que nos visitaron foron:

- 26 de febreiro o IES Mestre Landín
- 28 de febreiro o IES de Barro
- 21 de marzo o IES A Xunqueira (bacharelato)
- 27 de marzo o IES de Rodeira de Cangas e o IES de Cotobade

O 29 de marzo está prevista a visita do CIFP Carlos Oroza.

#### **4. Novos horarios.**

Na última xuntanza de departamento acordouse priorizar a realización do inventario e a promoción dos ciclos nas solicitudes dos novos horarios do profesorado.

O xefe de departamento solicita unha relación das horas que cada profesor propuxo no seu horario para estas funcións.

Os profesores que propuxeron estas tarefas son:

- María Luz Lorenzo – Inventario de equipos informáticos.
- Javier Tomé – Inventario da aula de tapizado.
- José Manuel Del Valle – Inventario da zona de acabado.
- Victoriano Tomé – Inventario do Control numérico.
- Juan Carlos Garrido – Promoción da oferta educativa.
- Gumersindo Couso – Promoción da oferta educativa.

Ademais destas tarefas Juan Carlos Garrido Álvarez vai a realizar o proceso de homologación da Serra de cinta Encina SC. 700.

O resto do profesorado comunica que solicitou facer proxectos para o centro.

As tarefas de promoción da oferta educativa están supeditadas a autorización da Xefatura de Estudos.

#### **5. Seguimento dos acordos adoptados e dos obxectivos do departamento.**

Se amosa a táboa de acordos adoptados e a situación de cada un deles. Ningún profesor pon obxeccións a táboa mostrada e o nivel de cumprimento.

Se amosa a táboa dos obxectivos do departamento e o nivel de cumprimento. Ningún profesor pon obxeccións a táboa mostrada e o nivel de cumprimento.





## 6. Rolda de intervencións.

José Manuel Míguez solicita que a maquinaria sexa revisada polo profesorado antes de que o alumnado a utilice e que unha vez utilizada se deixe en boas condicións.

María Luz Lorenzo Crespo solicita que se apaguen as luces do almacén cando non se utilicen e que se controle que o alumno non leve bebidas as aulas.

Javier Tomé comenta que necesita unha máquina de coser para impartir o módulo de tapizado. A este respecto o xefe de departamento comenta que anualmente se solicita a Consellería de Educación que subministra a devandita máquina. Dado que a Consellería non a subministra, propón que o departamento valore a súa compra en función dos gastos do curso académico 2018-19.

Ás 18:00 horas remata a reunión e levántase sesión.

## Acordos

- Realizar a homologación da Serra de cinta Encina SC. 700. Responsable: Juan Carlos Garrido Álvarez.
- Acórdase valorar a posibilidade de comprar unha máquina de coser con cargo os gastos do departamento. Responsable: Xefe de departamento

## Anexos

- Non hai

Visto e prace moderador

Victoriano Tomé Castro

